

## POÑO E DIGO PALABRA DE LEMBRANZA

*Para Manuel Rodríguez López,  
pola súa xentil amizade*

En palabra maior arrebolada,  
sentimento de terra espaxada,  
poño día e hora co teu nome  
de señor a alma incandescente.

Home bon con raiz de pau santo,  
caro irmau na patria trasterrada;  
digo, Manolo, pra ti este poema  
de outonizas cores co metal  
dun obreiro da clase soñadora.

En común tamén poño Paradela,  
terra nobre de peitos con alento,  
matria e lume na voz do seu cantor.  
Poño e digo, Manolo a túa lembranza...

Luís González Tosar  
Lugo, 17 de setembro de 2015